

INFORME 20171214: ACLARACIÓN DE DUBIDAS DO PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS DO “SERVIZO DE TELECOMUNICACIÓN DE VOZ (FIXA E MÓBIL), ACCESO A INTERNET DE BANDA LARGA E TRANSMISIÓN E ALMACENAMENTO DE DATOS.

A finalidade do presente informe é a aclaración de dúbidas atopadas no prego.

- **TECNOLOXÍAS ADMISIBLES COMO BACKUP:** admitiranse todas as tecnoloxías incluíndo a radiofrecuencia, sendo admisible esta tecnoloxía neste caso e nunca nos accesos principais. No caso de propoñer esta solución para o backup debería de darse sobre banda licenciada.
- **PLAN PRIVADO DE NUMERACIÓN:** aclarar sobre este punto que textualmente se di “**poderán** convivir no mesmo rango de numeración e con extensións consecutivas usuarios con teléfono fixo e móbil”. Este punto contemplase como opción. O licitador poderá aportar un plan de numeración con diferente rango para fixos e móbiles. **Non é obrigatorio.**
- Incluimos detalle dos terminais por sede ca aclaración seguinte. Os equipos de “sobremesa convencional” deberán ser substituídos por terminais IP.

Sede municipal	Ubicación	Terminais
Casa do Concello	Bertamiráns	31 sobremesa convencional / 10 móbiles
Pazo da Peregrina	Bertamiráns	5 móbiles / 5 sobremesa convencional
Casa de Cultura	Bertamiráns	5 sobremesa convencional / 5 móbiles
Departamento de Urbanismo	Bertamiráns	7 sobremesa convencional / 2 móbiles
Policía Local	Bertamiráns	4 sobremesa convencional / 8 móbiles
Escola Infantil “O Bosque”	Bertamiráns	7 móbiles
Nave Brigada de Obras/Servizos	Bertamiráns	13 móbiles
Radio Municipal	Bertamiráns	2 sobremesa convencional / 2 móbiles
Centro de Formación e Emprego	Bertamiráns	5 sobremesa convencional / 4 móbiles
Casa de Cultura	Milladoiro	3 sobremesa convencional / 2 móbiles
Novas dependencias	Milladoiro	3 sobremesa convencional / 8 móbiles
Biblioteca Municipal	Milladoiro	2 sobremesa convencional
Escola Infantil “A Madalena”	Milladoiro	7 móbiles
Pavillón Deportes I	Bertamiráns	1 móbil
Pavillón Deportes II	Milladoiro	1 móbil
Centro Proceso de Datos	Bertamiráns	2 móbiles

- **SERVIZO 092:** o grupo de salto que atenderá o servizo estará constituído por tres extensións.

- **CARACTERÍSTICAS DO CABLEADO DA REDE DAS SEDES:** Na maioría das sedes o tipo de cableado é de cobre UTP, Cat. 6 (ANSI/TIA/EIA-568-B.2-1) . En tódalas localizacións hai dispoñibilidade de paneis e “U's” libres. En canto as canalizacións, na maior parte dos casos o grao de ocupación é medio e pode haber algunha cun grao de ocupación alto. No caso da interconexión entre armarios por fibra óptica aclarar que poden ser entre 3 ou 4 tiradas de cable variando dende os 3 metros a mais curta ata os 25 metros a mais longa.
- **ACCESOS E CONECTIVIDADE ENTRE SEDES:**
 - Ruta diversificada: aplicable exclusivamente o acceso principal, utilizando equipamento de rede diferente e operador diferente.
 - Anchos de banda entre as SEDES REMOTAS TIPO I – II e o acceso principal, será:
 - 50 Mbps simétricos (tipo I) este é o caudal mínimo esixible (mais as melloras que se podan realizar) e un backup de 30 Mbps simétricos (mais as melloras).
 - 30 Mbps simétricos (tipo II) sendo o caudal mínimo esixible (mais as melloras) e backup de 10 Mbps simétrico (mais melloras).
 - Aclaración sobre “o adxudicatario instalará os enlaces de acceso á rede pública na sede CPD (acceso principal) salvo instrucións en contra do Concello de Ames”. Salvo no caso que o licitador documente e informe adecuadamente de que o mais conveniente é a instalación dos citados enlaces para voz e datos no datacenter do operador por razóns operativas o por mellora de servizo, a instalación localizarase no CPD do Concello.
- **SWITCHING:** o prego inclúe a substitución de case todo o equipamento do rede do Concello co fin de conseguir unha mellora de velocidades acordes ca mellora de conectividade a internet e xestión e acceso das novas capacidades de almacenamento. Do equipamento listado no prego unicamente propónse manter (de así consideralo o licitador) as dúas unidades Alcatel Lucent OS 6400 sitas no CPD podendo replantexar localización ou servizo a prove dos mesmos o licitador. O licitador deberá poñelos en servizo incluíndo a configuración dos mesmos para que desempeñen o servizo. O mantemento incluírá tanto a reposición dos equipos en caso de avaría como a reconfiguración dos mesmos para que podan prestar o servizo. Sobre o software de xestión dos equipos de conmutación debería poder ser utilizable (salvo que exista incompatibilidade manifesta) tanto para os equipos adicados a conectividade como os adicados a almacenamento.
 - **Nº serie:**
 - OS 6400 (1)(CPD): M1482522, P/N: 902621-90
 - OS 6400 (2)(CPD): N1287151, P/N: 902621-90
- Alcatel-Lucent 6400 (non PoE) configurados en alta dispoñibilidade. Estes equipos xestionan as WIFI: Realizaronse as medicións de cobertura mínima chegando a conclusión do número de equipamiento necesario para a cobertura do servizo nas citadas sedes (detallado no prego) aínda así de ser necesario proporcionaranse os planos en cuestión ou acceso as ubicacións para posible replanteo por parte dos licitadores.
- **SEDES:** puntualizar ca sede que alberga o CPD comparte instalacións ca Nave

de Obras e a Radio municipal na Avda Maía 22-24 de Bertamiráns.

- Situación da Galiña Azul de Bertamirans: este servizo depende da Xunta de Galicia pero é o Concello quen ten que dotar de comunicacións en virtude dun convenio.
- A Galiña Azul atópase na intersección das rúas do Muiño e Camiño Paraxó.
- As coordenadas da mesma son as seguintes: 42.860425, -8.645440
- Na cláusula 29 “Réxime de Penalidades por Incumprimento e Sancións” en relación a cuestión formulada :”*Se considerarán incumprimentos LEVES e serán penalizados con multas de contía inferior a 600 Euros: (...) b) Por cada día de retraso sobre o prazo máximo de tramitación establecido para altas/provisións (5 días) poderá supoñer unha penalización mensual do 1% do importe da facturación*”

No caso existir unha falta destas características descontarase o 1% do importe de facturación mensual polos días de retraso ata un máximo de 600 Euros para ser considerado como falta LEVE.



